



**COMPROMISO
POR GALICIA**

**Toma a
palabra!**

PROGRAMA ELECTORAL DE
COMPROMISO POR GALICIA

**ELECCIÓN AO
PARLAMENTO EUROPEO
2014**



ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	3
II. CRITERIOS PROGRAMÁTICOS	3
III. APARTADOS ESPECÍFICOS	6
1.O medio rural galego e a Política Agraria Común	6
2.O sector pesqueiro e a Política Pesqueira Común	8
3.O sector naval Galego no marco Europeo	10
4.I+D+i e a Economía do Coñecemento	11
5.Políticas Industriais	12
6.Medio ambiente	13

I. INTRODUCCIÓN

A elaboración deste programa é o resultado do debate e das achegas que numerosas persoas, afiliadas e non afiliadas a Compromiso por Galicia, tiveron a ben desenvolver. En primeiro lugar presentamos os criterios programáticos que Compromiso aprobou na convención celebrada o 25 de Xaneiro de 2014. Ditos criterios son o resultado dun moi enriquecedor debate que tivo lugar en dita convención. En segundo lugar presentamos varios puntos programáticos que foron obxecto dun maior desenvolvemento, por resultar de maior importancia para os intereses dos cidadáns galegos en Europa.

II. CRITERIOS PROGRAMÁTICOS

Compromiso por Galicia é unha forza política que se declara abertamente europeísta e que aposta por unha Europa máis democrática e socialmente máis xusta, na tradición da esquerda socialdemócrata e dos partidos progresistas europeos. Por esa razón Compromiso considera de vital importancia as Eleccións ao Parlamento Europeo que se van celebrar o vindeiro 25 de Maio de 2014. Compromiso por Galicia sustenta a súa proposta programática para as Eleccións ao Parlamento Europeo de 2014 en tres piares fundamentais:

- A necesidade de contar cunha voz propia dende Galicia para a defensa dos lexítimos intereses dos galegos e galegas nas instancias Europeas.
- A necesidade de reformar o actual marco político-institucional Europeo cara unha Europa máis democrática e cunha maior capacidade política, co obxectivo de acadar maiores cotas de igualdade e benestar para a cidadanía Europea, e que sexa respectuosa cos pobos que a conforman.
- A necesidade dun cambio cara un modelo produtivo que estea ao servizo das persoas.

A continuación indicamos unha serie de medidas marco que Compromiso por Galicia incorpora a súa proposta programática para estas eleccións:

1. Un Parlamento Europeo con máis poderes, máis transparente e máis próximo á cidadanía. É no Parlamento onde reside a vontade democrática da cidadanía Europea, por tanto o papel da cámara europea debe reforzarse para actuar como maior contrapeso ao Consello, no cal actualmente os países con máis poder toman as decisións de maior relevancia en Europa. Queremos un Parlamento máis forte pero máis transparente e máis próximo á cidadanía. Queremos que a cidadanía teña un acceso máis doado ao que acontece no Parlamento Europeo e que teña capacidade de influencia nel. Para Galicia, que non conta con representación directa no Consello Europeo, é fundamental que o Parlamento, onde o pobo galego está representado, teña a capacidade política que lle corresponde.
2. Unha Europa con maior capacidade política. Máis Europa. Compromiso aposta por unha reformulación da Unión Europea. A UE precisa dun pulo de participación e lexitimidade democrática, dunha aposta clara pola transparencia e a loita contra a corrupción política, poñendo ao servizo dos pobos europeos as institucións comúns, a Comisión e o Parlamento. Precisa dun Presidente elixido polo voto da cidadanía europea, dunha única política exterior e dunha única diplomacia. Precisa dunha Facenda común dotada de máis recursos para desenvolver as súas políticas, da coordinación das políticas fiscais dos Estados e Gobernos territoriais e dun auténtico Banco Central Europeo suxeito ao control das Institucións europeas, sen prexuízo da súa autonomía de xestión, que se preocupe pola creación de emprego e de

riqueza. Europa precisa pór en marcha unha política común internacional e de seguranza, facendo valer os seus intereses conxuntos e promovendo os seus valores comúns: a paz, a democracia, os dereitos humanos, a cooperación internacional, a defensa do medio ambiente, o desenvolvemento igualitario e o benestar social.

3. Unha Europa que aposte pola reactivación económica e abandone o dogma da austeridade. Na actualidade dominan en Europa as políticas que apostan pola austeridade orzamentaria como saída da crise económica. Sen menoscabo dos axustes que se deban facer nalgúns dos Estados membros da UE, Compromiso por Galicia considera necesario que dende Europa, cun orzamento Europeo maior e cunha política fiscal propia, se poñan en marcha medidas contracíclicas de reactivación económica, particularmente dirixidas aos países máis azoutados pola crise. Do mesmo xeito apostamos porque se creen mecanismos para limitar os desequilibrios macroeconómicos, en particular os derivados da conta corrente e de capital, que preveñan as escaladas de endebedamento e a aparición de burbullas especulativas, fomentando un crecemento máis harmónico e converxente no conxunto da unión monetaria e que sirvan para amortecer futuras crises. Pulamos por un mecanismo único de supervisión bancaria, a creación de Eurobonos, a posta en marcha de figuras tributarias e de política social a nivel Europeo.
4. Unha Unión Europea que aposte polo emprego. A Unión Europea debe afondar na harmonización dos mercados laborais do continente, integrando e homoxeneizando tanto a formación e as políticas activas de emprego como os subsidios, prestacións e políticas pasivas. A existencia dun subsidio de desemprego financiado total, ou parcialmente por fondos europeos é un exemplo do que propoñemos. A Unión Europea debe fomentar a mobilidade continental con finalidade formativa da súa cidadanía, e á vez procurar unha distribución homoxénea de oportunidades laborais en todos os países que a conforman.
5. Apostamos por unha Europa que poña couto aos grandes poderes financeiros. Para iso faise necesario unha estrita regulación que elimine os paraísos fiscais dentro da Unión Europea e que castigue o uso doutros fóra do continente por parte dos cidadáns europeos. Do mesmo xeito, apostamos pola creación dunha taxa sobre as transaccións financeiras e que sirva de freo para os movementos especulativos, ao tempo de reforzar o orzamento europeo.
6. O reforzamento das políticas de desenvolvemento rexional e cohesión. As políticas de desenvolvemento rexional necesitan un reforzo para contrarrestar as tendencias centrípetas da lóxica de mercado, ás veces agravadas polas políticas centralistas seguidas nos Estados membros. Deben ser as rexións europeas e, no noso caso concreto, debe ser o goberno galego quen execute ditas políticas no noso territorio, en estreita colaboración e coordinación coas instancias europeas. Apostamos por favorecer políticas activas e formativas en sectores de desenvolvemento estratéxico de cada Estado ou nación.
7. O reforzamento das políticas de I+D+i e das políticas industriais a nivel Europeo. A innovación constitúe un elemento esencial para garantir maior desenvolvemento económico, en particular no contexto dunha economía máis competitiva e globalizada. Compromiso aposta por reforzar os orzamentos comunitarios dedicados á I+D+i, impulsar o Espazo Europeo de Investigación e garantir que as rexións de menor nivel de desenvolvemento teñan acceso específico aos fondos destinados á I+D+i.
8. Un maior compromiso de Europa co Medio Ambiente e xestión dos recursos enerxéticos propios. Europa, berce da revolución industrial, debe ser agora o espazo de referencia mundial para o desenvolvemento sostible. Europa debe reforzar a súa posta pola redución do consumo enerxético e material, polas enerxías renovables e por as alternativas produtivas que reduzan ao mínimo o impacto no medio ambiente.
9. A necesidade de que as políticas sectoriais europeas, nomeadamente a Política Agraria Común,

a Política de Pesca Común e as medidas relativas ao sector naval, sexan xustas e respectuosas cos intereses galegos. Os sectores agrario e pesqueiro, e a industria do naval son puntais básicos da nosa economía tanto pola súa achega directa como pola súa achega indirecta. Moitas veces as políticas e regulacións europeas resultaron lesivas para os intereses destes sectores, debido á imposibilidade de defender os mesmos de xeito directo en Europa, toda vez que os distintos gobernos españois priorizaron a agricultura mediterránea nas negociacións, e menosprezaron a importancia localizada da pesca e do sector naval no noso país. Compromiso actuará como voz dos intereses do agro, da pesca e do sector naval galego, baixo a premisa dun desenvolvemento destas actividades respectuoso co medio ambiente. A Política Agraria Común debe compatibilizar a súa tarefa de apoio ao sector cun maior respecto polos intereses dos países menos desenvolvidos e dos consumidores europeos.

10. A aposta por reforzar a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e o Eixo Atlántico europeo. Galicia e Portugal, en particular a súa rexión Norte, deben reforzar a súa colaboración para aproveitar as numerosas sinerxías existentes entre os dous territorios irmáns. Compromiso reclamará en Europa un maior recoñecemento e fondos específicos para darlle pulo a unha eurorexión que concentra máis de seis millóns de persoas. Galicia debe contar como lugar central nas redes transeuropeas de transporte, en particular no referente ás conexións marítimas onde ocupamos un lugar privilexiado a nivel mundial, fundamental para os intereses Europeos.
11. A aposta por crear espazos de participación directa das Nacións sen Estado en Europa. Compromiso aposta por impulsar espazos de participación das nacións sen Estado dentro da Unión Europea, máis alá de espazos institucionais de escaso valor como o Comité das Rexións. As nacións sen Estado poden contribuír ao proceso de construción europea, como exemplos de mantemento e proxección da entidade nacional abertos e comprometidos con Europa. Compromiso aposta pola Reforma da Lei electoral do estado, referente ás eleccións europeas, de xeito que incremente a representatividade directa das Comunidades Autónomas, empregando un modelo de circunscrición autonómico. O noso partido apoiará o recoñecemento como membros de pleno dereito da Unión Europea de Cataluña, Escocia e de calquera outra nación europea que o solicite.
12. Solidariedade internacional. Compromiso aposta por un firme apoio aos países empobrecidos e subdesenvolvidos coa finalidade de reducir o intercambio económico desigual, promovendo o comercio xusto e políticas de democratización e de defensa dos dereitos humanos. Para canalizar estas axudas escolleranse as vías máis axeitadas en cada caso coa finalidade de garantir que ditos recursos cheguen efectivamente ao seu destino.
13. A igualdade entre todas as persoas de Europa. A igualdade de oportunidades para que unha persoa desenvolva a súa vida non debe depender do lugar no que naza. É por iso, que Compromiso se compromete a esixir con firmeza máis políticas de promoción e normalización da igualdade entre todas as persoas que viven e/ou traballan en Galicia e en Europa. A esixencia será máis intensa, se cabe a posibilidade, na procura da igualdade de xénero e na loita contra a violencia machista, comezando por solicitar unha norma europea que garanta a liberdade das mulleres a decidir sobre os seus propios corpos, ao abeiro da cal, entre outras cousas, as mulleres que o desexen poidan abortar.
14. Unha Europa máis libre e solidaria. Nun momento de regresión nos dereitos sociais e liberdades, cando o mercantilismo está obviando a fraternidade, cando as opcións sexuais heterodoxas están sendo arredadas, cando a tolerancia étnica é cuestionada diariamente, e cando o asilo político e social a refuxiados é cada vez máis obstaculizado, Compromiso aposta pola fraternidade, pola non discriminación, pola non marxinação e polo laicismo para facermos de Europa un lugar de liberdade, igualdade e solidariedade.

III. APARTADOS ESPECÍFICOS

1. O medio rural galego e a Política Agraria Común

O medio rural galego é pasado, presente e futuro, un espazo multifuncional ao que se lle esixe maiores demandas: calidade e seguridade alimentarias, cohesión territorial, espazo de ocio ou a conservación do medioambiente; así como que a súa importancia se configura nunha tripla dimensión: ocupación e xestión do territorio, ocupación da poboación e eixo da dinámica económica de moitas comarcas galegas que asenta poboación no territorio e desenvolve a riqueza do noso país.

Compromiso por Galicia defenderá unha Política Agraria Común que afonde na valorización do medio rural como elemento estratéxico da sociedade, sendo unha das sinais de identidade de Galicia. É preciso que a Política Agraria Común recoñeza o papel da conservación medioambiental (cambio climático, sustentabilidade agropecuaria, protección da agro-diversidade), produción de alimentos e xestión e desenvolvemento do territorio aos agricultores, e que favoreza a modernización do sector, rexuvenecemento poboacional, e que se propoña combater o despoboamento no rural a través da diversificación da actividade agraria e viabilidade das zonas rurais; sendo preciso materializar prácticas agrarias con menor impacto ambiental cara a sistemas máis sostibles.

A ausencia dunha representación directa e contundente de Galicia nos organismos da UE fixo que as sucesivas negociacións no seo da Unión Europea sobre a PAC non foran beneficiosas para Galicia. Así, a modo de exemplo, podemos destacar, dende a aplicación da cota láctea no seu momento, como a negativa a unha moratoria no momento actual, ou a prevista redución de fondos procedentes da UE para o período 2014-2020.

Por outra banda, a ineficacia da práctica totalidade dos gobernos galegos, carentes de políticas agrarias e de desenvolvemento rural a medio e longo prazo, converteunos en meros xestores de recursos, e fixo que o apoio económico procedente de 30 anos da aplicación de fondos europeos resultase totalmente ineficiente, deixando de ser Galicia rexión Obxectivo 1 por unha mera cuestión estatística, trala incorporación dos países do Leste europeo, e non por conseguir acadar os niveis de renda europea derivada do desenvolvemento endógeno.

Nos 30 anos da aplicación de fondos da PAC, nin sequera todos os fondos orzamentados foron executados, o que demostra un problema real de incompetencia así como un deficiente modelo de xestión en Galicia, ao que cabe esixirlle un maior control comunitario na xestión de fondos económicos.

Propostas:

Desde Compromiso por Galicia consideramos prioritario que a Política Agraria Comunitaria teña presente determinados elementos chave para o sector agrogandeiro galego, e así o defenderemos no Parlamento Europeo. A modo de síntese, propomos:

- Sector agrario:
 - Apostaremos por unha Política Agraria Común na que o sector agrícola europeo estea baseado na calidade e que defenda métodos de produción sostibles e a protección da nosa riqueza produtiva.
 - A modificación dos criterios de exclusión de axudas, cunha definición de agricultor activo máis vinculada á actividade agraria e o dereito ao cobro de axudas directas da

PAC en función do tempo dedicado á actividade agraria, postos de emprego xerados e tamaño das explotacións, resaltando a importancia das explotacións familiares e o seu asentamento real no territorio.

- O establecemento de topes máximos de axuda por solicitante para que se dea unha distribución máis equitativa dos fondos, con restrición a grandes extensións ligadas unicamente ao factor superficie con indiferenza do elemento humano e do asentamento poboacional.
 - Nas negociacións na Organización Mundial do Comercio, defensa por parte da Unión Europea de esixencia, cando menos, dos mesmos controis esixidos internamente, aos produtos fóra do espazo europeo.
 - Ante da desaparición inminente do sistemas de cotas, deben establecerse mecanismos de apoio económico e financeiro a aquelas explotacións endebedadas pola adquisición de dereitos de produción cuxa viabilidade poda verse comprometida pola liberalización.
- Sector forestal
 - Apoio a medidas que permitan o uso e explotación racional do monte e o establecemento de unidades de xestión con carácter asociativo e de tamaño axeitado para permitir a súa viabilidade técnica económica.
 - Establecemento de liñas de apoio económico ás iniciativas que permitan o peche de ciclos de transformación da madeira e demais produtos derivados do monte, capaces de xerar emprego local e minimicen os efectos da industria meramente extractiva.
 - Desenvolvemento rural
 - Impulsaremos a mellora do coñecemento dos agricultores, incidindo na necesaria reorientación das producións e emprego de métodos produtivos respectuosos co medio ambiente; impulsando o relevo xeracional a través das primas para o acceso á titularidade, e vinculándoas a estancias formativas nun espazo europeo de formación.
 - Potenciaremos as políticas centradas na innovación e a calidade como factores de distinción da produción agroforestal galega, aproveitando as posibilidades da combinación dos fondos da política agraria con programas dos fondos estruturais ou o fondo social europeo para impulsar políticas de reactivación do agro galego sobre a base destas producións e o seu entorno social, económico e etnográfico
 - As novas tecnoloxías son unha ferramenta de xestión polo que fomentaremos a súa introdución como apoio á comercialización, ao intercambio de experiencias e creación de ofertas que integren ás producións primarias e as súas cualidades do medio no que se producen sen esquecer o patrimonio cultural e etnográfico para chegar a poder ofertar un turismo de calidade.
 - Fomentaremos da diversificación económica nas áreas rurais para xerar emprego e revitalizar o medio rural a través da creación e desenvolvemento de microempresas, que sexan capaces de rematar os procesos produtivos e repercutilo no valor engadido do produto; transformación e comercialización de produtos agrarios a través de circuitos curtos de comercialización e consumo de produtos agrícolas locais, especialmente denominacións de calidade, elaboración e venda de produtos

artesanais, agroturismo, actividades ambientais relacionadas coa valorización do patrimonio e servizos á poboación.

- A mellora das condicións de vida para o asentamento da poboación e habitabilidade nas áreas rurais: mellora e dotación de infraestruturas básicas, como saneamento, auga e mellora de accesos aos núcleos rurais; impulso ás enerxías renovábeis; servizos sociais e culturais; e acceso a telecomunicacións e redes de transmisión de datos.
- Apoiaremos aos instrumentos de mobilización de terras que sirvan eficazmente á mellora da base territorial das explotacións, establecendo liñas de axudas que o faciliten, así como dos procesos de reestruturación que minimicen o impacto da fragmentación parcelaria.
- Defenderemos todas aquelas medidas nas que o recoñecemento ao papel das mulleres do mundo rural para que a súa presenza no sector sexa en igualdade de condición que contribuirá a unha maior diversificación e produtividade.

2.O sector pesqueiro e a Política Pesqueira Común

No ano 1973 entraron na Comunidade Económica Europea, o Reino Unido, Irlanda e Dinamarca, o que supuxo un condicionamento da pesca a nivel europeo. Por iso, no ano 1976, os estados aprobaron na Haia unhas "preferencias" que establecían criterios de reparto excepcional nunha situación concreta. En xaneiro de 1983 naceu a primeira Política Pesqueira Común (PPC), logo de que as Nacións Unidas aprobaran a Convención sobre o Dereito do Mar que establecía unha Zona Económica Exclusiva de 200 millas.

Dende entón, a PPC foi actualizada en varias ocasións ata chegar á actual política que entrou en vigor o 1 de xaneiro do 2014, que ten como meta rematar coa sobrepesca nas costas europeas para que as poboacións de peixe comecen a recuperarse e co obxectivo de lograr dous eixos fundamentais:

- a. O fortalecemento da zonas pesqueiras europeas nas que se creen condicións para que a flota sexa economicamente viable.
- b. Garantir unha xestión sostible dos recursos pesqueiros mediante plans de xestión das poboacións.

O texto aprobado obriga aos Estados membros a fixar cotas de pesca sostibles a partir de 2015 (en casos excepcionais poderase ata 2020) e tamén introduce a prohibición gradual dos descartes (de 2015 a 2019).

Para a elaboración destes Plans de Xestión a longo prazo e para garantir a estabilidade do sector e dos seus profesionais, é imprescindible contar con todo o sector. Dende o extractivo no mar ata o transformador, así como o emprego de información científica e de control, para fixar dun xeito racional os rendementos mínimos sostibles.

Na nova PPC fálase da rexionalización da mesma, xa que se supón que son mellor coñecedoras das medidas que se teñen que adoptar, e é por iso que Compromiso por Galicia apoiará o papel dos Comités Consultivos Rexionais coma fórmula de xestión rexionalizada da pesca. Dende esta visión, Compromiso defenderá que sexan as rexións e non as autoridades dos Estados membros

quen definan o que debe de entenderse como flota artesanal.

A nova PPC define a pesca artesanal referíndose aos metros de eslora, e é por esta razón que Compromiso defenderá o uso de criterios alternativos, como o emprego de artes selectivas e respecto ao medio, a participación familiar na que o armador sexa o patrón e tamén o mariñeiro, e a actividade pesqueira sexa o motor da economía das vilas da costa galega.

Dende Compromiso defendemos que o novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) actúe no financiamento de estudos para a valorización dos descartes e a innovación nas artes selectivas, así como na renovación e modernización da flota pesqueira.

Seguindo a tradición pesqueira do noso país, Compromiso defenderá a pesca responsable e sostible en todo o mundo, polo que apoiamos a modificación legislativa sobre a pesca ilegal e a posibilidade de actuar contra ela naqueles países que permitan ese tipo de prácticas que afectan aos nosos palangueiros.

Propostas:

- Que a definición de pesca artesán non empregue o criterio de eslora, senón fórmulas alternativas coma a selectividade das artes, o respecto ambiental e a participación familiar.
- Desenvolver as posibilidades da nova PPC para a participación rexional nas políticas de desenvolvemento e diversificación da renda nas zonas costeiras.
- Pular para que os plans de xestión e as cotas resultantes, estean realizados baixo procedementos obxectivos e científicos sobre as especies das que se trate.
- Incrementar o control das importacións de peixe e/ou produtos da pesca de terceiros países procedentes da pesca ilegal con vantaxes baseadas na falta de respecto ao medio ambiente, a sanidade e o dumping social.
- Intensificar os esforzos para manter, reforzar e impulsar acordos con terceiros países para asegurar o futuro da flota galega. Reclamaremos a presenza de barcos galegos naqueles acordos nos que se quedou fóra, mellora das condicións nas zonas NAFO (Northwest Atlantic Fisheries Organization) e a ICCAT (Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico). Fomentaremos a participación do sector nas negociacións e ao mesmo tempo defenderemos a eliminación de incoherencias entre ditos convenios e os acordos comerciais que lesionan ao sector pesqueiro europeo tanto na venda de fresco como na de transformado.
- Mellora da etiquetaxe garantindo a trazabilidade, tanto en fresco coma en produtos transformados, identificando a zona de captura.
- Defenderemos o acceso aos fondos para o marisqueo, dende a extracción ata a depuración, así como o mantemento dos bancos.
- Que se desenvolvan medidas de apoio á igualdade entre homes e mulleres e se vexan reflectidas nunha maior participación das mulleres no Comités Rexionais, nos Grupos de Acción Costeiros ou na Organizacións de Produtores. Igualmente apoiaremos aquelas medidas que favorezan os oficios auxiliares relacionados co sector pesqueiro e marisqueiro (redeiras, empacadoras, etc) e o recoñecemento social destas profesións e dos seus dereitos sociais.

3.O sector naval Galego no marco Europeo

O sector naval galego ten unha grande importancia en Galicia, non só en termos de emprego e facturación senón tamén pola importancia da concentración da súa actividade en dúas zonas de Galicia: Vigo e Ferrol. O sector naval galego leva trinta anos sufrindo as consecuencias das nefastas medidas políticas que os sucesivos gobernos foron adoptando. Despois de dúas reconversións, de “supostos” programas de reindustrialización e dun veto expreso que anula a súa capacidade produtiva, a situación económica e social en particular da comarca de Ferrolterra é crítica. A propia patronal Asime recoñeceu que os últimos anos foron demoledores para este sector. Así, e só en 2013, tiveron que botar o peche unha de cada dez empresas e destruíuse o 15% do emprego.

Propostas:

- Axudas específicas da UE para a construción do dique flotante na Ría de Ferrol. A petición de melloras nas instalacións de reparacións non é algo novo. Xa no ano 2000 se produciu unha petición ante a SEPI para proceder á renovación. A día de hoxe unha das demandas máis importantes do naval na Ría de Ferrol é a construción dun dique flotante que daría carga de traballo e permitiría ao estaleiro manterse no mercado. Demandaremos das instancias europeas unha liña de axudas específicas para a construción do dique flotante.
- Levantamento inmediato do veto a Navantia-Fene para a construción naval civil. A data fixada para a fin do veto a Navantia-Fene para poder dedicarse á construción naval civil é o 31 de decembro do 2014. Non só será preciso adiantar o máximo posible esa data, senón tamén estar preparados para retomar a actividade no sector.
- Aposta por impulsar un centro de I+D+i de referencia Europea para a construción naval na Ría de Ferrol. O sector naval segue a ser un sector en auxe, no que o mercado offshore (plataformas petrolíferas, plantas regasificación, grúas flotantes, buques auxiliares) está a medrar e no que se abren novos horizontes por medio das enerxías renovables. Navantia na Ría de Ferrol ten que estar xa traballando en novos deseños e proxectos para non quedar fóra do xogo. Propoñemos a creación dun Centro Tecnolóxico en colaboración coa Universidade da Coruña, insertado dentro do Espazo Europeo de Educación Superior e financiado con axudas a I+D+i de fondos europeos.
- Impulso á rede “Maritime Industries for Blue Growth” e establecemento en Ferrol e Vigo de dous complexos integrais de referencia Europea para a construción e reparación de buques. A rede “Maritime Industries for Blue Growth” defende o impulso dunha política europea de futuro para o sector naval, para o que considera necesario que a institucións europeas aposten pola súa diversificación e o inclúan no marco das directrices políticas e financeiras da UE para os próximos 10 anos, a estratexia Europa 2020. Na rede participan as rexións de Galicia e País Vasco (estado español), Pays de la Loire, Bretaña, Poitou-Charentes, Nord-Pas de Calais (Francia); Liguria, Marche, Campania e a Toscana (Italia); Pomerania (Polonia); Bremen, Mecklenburg-Vorpommern e Hamburgo (Alemaña); e Turku (Finlandia). Ademais, uniuse á iniciativa a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM). Dentro deste contexto e seguindo formulacións propostas por iniciativas como Rumbo21, promoveremos que o sector naval sexa un dos motores económicos de Galicia e a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, dada a situación estratéxica do corredor marítimo que pasa fronte a Galicia.

4.I+D+i e a Economía do Coñecemento

O avance do coñecemento é imprescindible para acadar un desenvolvemento sostible social e medioambientalmente. Entendemos que a innovación constitúe un elemento esencial para garantir un maior e mellor desenvolvemento económico, en particular no contexto dunha economía máis competitiva e globalizada e dunha minguada capacidade de financiamento. Porén, a consideración da innovación como elemento chave para competir, non debe primar por riba da súa contribución ao benestar social.

As políticas de I+D+i deben ser concibidas como instrumentos para reforzar a cohesión social e territorial, de igualdade entre as persoas e os pobos da UE. A Estratexia Europa 2020 marca como obxectivos propiciar un crecemento intelixente, sostible e integrador, para o que se pretende que tanto os fondos estruturais como os fondos dedicados á investigación, o desenvolvemento, e a innovación se enmarquen dentro destes obxectivos. Pero a aposta pola innovación na industria non debe limitarse aos sectores de alta tecnoloxía senón que debe alimentar aos sectores considerados tradicionais.

As liñas de financiamento abertas ao amparo do Programa Marco para a Investigación e a Innovación, Horizonte 2020, serán chaves para a reactivación económica de Galicia se somos quen de aproveitalas no impulso dunha economía sostible que sexa capaz de manter e crear emprego e que sexa unha economía verde, que loite contra o cambio climático. Galiza pode e debe igualmente contribuír a crear unha Europa máis innovadora tecnolóxica e socialmente. A capacidade para ser axente activo no deseño e na execución das políticas de innovación precisan dun sistema galego de ciencia e innovación que sexa capaz de aproveitar estas oportunidades e dun goberno comprometido con estes obxectivos. Desafortunadamente, as políticas desenvolvidas polo goberno de Núñez Feijóo neste ámbito demostran que as súas prioridades están moi lonxe da idea dunha economía sostible baseada no coñecemento.

Propostas:

- Apoiar as iniciativas dirixidas a toma en consideración das rexións no deseño das prioridades establecidas pola UE, de tal forma que permita a cada territorio aproveitar as súas fortalezas e factores de competitividade propios para atender os retos e necesidades sociais específicas.
- Reforzar os programas e orzamentos comunitarios dedicados á investigación básica e aplicada como instrumento para a consecución dunha maior riqueza e benestar social para Galicia e Europa. No seu deseño debe estar presente a dimensión de cohesión territorial de tal forma que se contemple especificamente o acceso aos fondos por parte das economías rexionais con sistemas de innovación máis febles e que precisan dun impulso específico.
- Promover e defender medidas de impulso do Espazo Europeo de Investigación, como un espazo de cooperación sobre axendas de investigación comúns, grandes retos e infraestruturas, entre as rexións que conforman a UE recoñecendo como actores a todas aquelas rexións que teñen competencias en materia de políticas científicas e innovación.
- Apoiar as medidas encamiñadas a mellorar a accesibilidade e a transferencia do coñecemento científico dentro do espazo europeo de Investigación cara a garantir unha óptima circulación e o acceso e asimilación de coñecementos por parte de todos.

- Apoiar e impulsar medidas e accións encamiñadas a incrementar a participación galega nas diferentes plataformas tecnolóxicas e nos programas de investigación e innovación da Unión Europea.

5. Políticas Industriais

Aínda que a UE segue a ser unha gran potencia industrial, perdéronse 3 millóns de empregos industriais desde 2008, e a produción industrial é agora un 10% inferior aos niveis previos á crise. Desde o inicio do ano 2008 perdéronse en Galicia 63.900 empregos industriais, o 29,6% dos que había no primeiro trimestre de 2008. No ano 2013 os empregos industriais en Galiza supoñen o 15.1% do total de persoas ocupadas. Na UE esta porcentaxe está entornao ao 22 %. Desafortunadamente, as políticas desenvolvidas en Galiza e en Europa non está sendo capaces de afrontar esta situación de estancamento do sector industrial dificultando a capacidade para sentar as bases que permitan o retorno a una senda de crecemento sostible e a creación de emprego. A UE debe aproveitar as sinerxías entre as políticas industriais e medioambientais, aumentar a innovación na eficiencia dos recursos e apoiar ás empresas, fundamentalmente pequenas e medianas, na transición cara á unha economía sostible.

O obxectivo da política industrial europea é que o peso da industria alcance, de media, o 20% do Produto Interior Bruto en 2020. Nos próximos anos está previsto unha importante asignación de fondos á industria europea, fondos parcialmente incluídos noutras políticas da UE nunha concepción transversal das políticas de impulso da competitividade global da UE. Neste carácter horizontal faise imprescindible avanzar nunha verdadeira política enerxética común, camiñando cara un mercado único europeo da enerxía.

As autoridades rexionais son quen mellor coñecen a estrutura económica e industrial do seu territorio polo que deben ser axentes activos no deseño e execución das políticas de apoio á economía produtiva e á creación de emprego. Un elemento chave nesta política activa industrial será mellorar a capacidade innovadora das PEMES en estreita cooperación cos centros tecnolóxicos e centros de investigación. En Europa dous de cada tres empregos creados son de PEMES.

Propostas:

- Apoiar o desenvolvemento de novos mecanismos e instrumentos de apoio ás microempresas e PEMES que solvente os actuais problemas financeiros e elimine os efectos perversos do diferencial do prezo do diñeiro na zona do Euro.
- Ampliación dos fondos do BEI para diversificar as fontes de financiamento das PEMES.
- Apoiar medidas que permitan o reforzar o dimensionamento das pequenas empresas galegas con estratexias de cooperación para combinar recursos e afrontar as oportunidades do mercado europeo.
- Apoiar as medidas encamiñadas á eliminación de obstáculos (formais e informais) para a posta en marcha dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.
- Promover a mellora da información e simplificacións dos trámites de acceso aos programas de UE.
- Apostar por medidas que eliminen de forma real o dumping social e medioambiental, e outras prácticas abusivas, para salvagardar as condicións laborais dos traballadores

europas e dos países de produción, e evitar o prexuízo para as empresas da UE.

- Apostar polos valores que achega ao sistema produtivo a economía social e promover a creación de programas específicos de apoio a este tipo de proxectos empresariais

6. Medio ambiente

O Parlamento Europeo debe desenvolver unha estratexia de adaptación ao cambio climático coherente coa conservación da biodiversidade, os ecosistemas e as persoas. Sempre que sexa posible, empregárase un enfoque ecosistémico que inclúa medidas de adaptación beneficiosas para o medio natural e que, en ningún caso, provoquen efectos perversos. Este tipo de políticas proporcionarán un medio ambiente máis san e mellorarán o tecido económico e social europeo, diante a creación de novos postos de traballo de calidade.

- Un dos elementos esenciais da loita contra o cambio climático é a transición ata unha produción e uso da enerxía de moito menor impacto para o medio ambiente e as persoas.
- As institucións europeas deberán adoptar medidas para acabar co progresivo emprego de combustibles fósiles na produción enerxética, a industria, a construción e o transporte.
- Así mesmo, deberán poñer freo a falsas solucións fronte ao quentamento global coa eliminación urxente da enerxía nuclear e a adopción de estritos condicionantes ambientais e sociais á bioenerxía.
- Europa deberá revisar as diferentes directivas relativas a residuos e aproveitar para aplicar e/ou incrementar os obxectivos de redución, reutilización e reciclaxe. As políticas de xestión de residuos teñen que desenvolverse en función das rexións nas que se teñen que aplicar, pero partindo dun modelo común europeo, con obxectivos asumibles e fáciles de cuantificar.
- Igualmente importantes serán as políticas que conduzan a fabricación de produtos reciclables e reutilizables de calidade e eficientes no uso de recursos enerxía, que permitan a transición da economía lineal e contaminante actual a unha economía sostible. Do mesmo xeito, camiñárase cara unha política común de envasados de produtos que favoreza a reciclaxe e reutilización dos residuos tanto na tipoloxía dos envases, materiais utilizados e homoxeneidade no seu tratamento.
- As institucións europeas deberán garantir a aplicación estrita da estratexia de biodiversidade, fortalecer a aplicación da normativa existente referida á Rede Natura 2000 e asegurar a aplicación das reformas das normativas de pesca e de agricultura para que contribúan a protexer os hábitats, a flora, a fauna, as augas e os solos.
- O Parlamento debe asegurar que a Comisión Europea cofinancie de forma efectiva a xestión da Rede Natura 2000 galega. Así mesmo, deberá velar pola aplicación da nova lexislación para facer fronte aos impactos das especies exóticas invasoras sobre a biodiversidade e as persoas.
- As institucións europeas deberán favorecer a aprobación dunha Directiva de Solos que garanta a súa protección e recuperación. As políticas urbanísticas e de desenvolvemento industrial das diferentes rexións e estados europeos estarán sometidos ás directrices xerais que dende os órganos de goberno da UE se determinen para os espazos protexidos (RAMSAR, LIC, etc).
- Os transxénicos supoñen unha ameaza a un modelo de agricultura sostible. É importante

que o Parlamento Europeo manteña unha posición unitaria de rexeitamento aos organismos modificados xeneticamente e non permita o seu avance.

- Deberase implantar teitos de emisión atmosférica ambiciosos e vinculantes. Limitar a contaminación atmosférica procedente de grandes emisores como as plantas de xeración eléctrica, empresas, calefacción, transporte, etc. Suprimirse a política de cotas de emisión e a comercialización dos excedentes de emisións. As políticas teñen que ser globais e darlle solución aos problemas das emisións transfronteirizas.
- A xustiza ambiental e social debería estar no centro das políticas comerciais. O Parlamento Europeo debe promover unha nova perspectiva fronte o comercio baseada noutros principios como a democracia, a cooperación, a igualdade de xénero, a participación pública, os dereitos humanos e a sostibilidade ambiental.



**COMPROMISO
POR GALICIA**

PROGRAMA ELECTORAL DE COMPROMISO POR GALICIA
ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO 2014